

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O  
DIA 3 DE NOVEMBRO DE 2015**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ  
BERNARDO VARELA LÓPEZ  
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ  
MARIA TERESA DEVESA GRAÑA  
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ  
MARIA ISABEL POISA REY  
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO  
RODRÍGUEZ  
MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL  
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ  
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20:00) do día TRES de NOVEMBRO do DOUS MIL QUINCE, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación.

Esta sesión substitúe á ordinaria do mes de outubro que, por coincidir con outros actos de relevancia, acordouse a variación da data, coa mesma orde do día, previo acordo cos Grupos municipais.

Sen incidencias.

---\*\*\*---

O Sr. Alcalde abriu formalmente a sesión do Pleno para tratar o seguintes asuntos:

## ORDE DO DIA

1. **ACTAS.-** Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior.
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.-** Dar conta.
3. **IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.-** Aprobación, se procede, dunha modificación da ordenanza fiscal.
4. **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, VELADORES E ELEMENTOS ANÁLOGOS.-** Aprobación, se procede, dunha modificación da ordenanza fiscal.
5. **Cadro de tarifas de auga 2016.-** Aprobación da modificación da ordenanza reguladora.
6. **Cadro de tarifas de saneamento 2016.-** Aprobación da modificación da ordenanza reguladora.
7. **ORDENANZA REGULADORA DA XESTIÓN DA BIOMASA E DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS DO CONCELLO DE ALLARIZ.-** Aprobación, se procede, da ordenanza.
8. **ORZAMENTO XERAL 2015.-** Aprobación, se procede dun expediente de modificación de créditos por transferencias entre partidas.
9. **MOCIÓN do PSdeG-PSOE con motivo do día internacional contra a violencia de xénero.**
10. **MOCIÓN do BNG de apoio ao sector leiteiro.**
11. **Rogos e Preguntas.**

---\*\*\*---

### **1. ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior.**

Quedou aprobado, sen modificación algunha, pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión no momento da votación, dos trece que legalmente integran esta corporación local.

### **2.- Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos na secretaría, sinala o Alcalde.

### **3.- IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.- Aprobación, se procede, dunha modificación da ordenanza fiscal.**

Da conta da proposta a Concelleira de Promoción Económica, 1ª Tte de Alcalde, Cristina Cid Fernández, sinalando que con esta medida o concello ten que incentivar, na medida das súas posibilidades, o atractivo do parque empresarial de Chorente para atraer empresas para que se asenten en Allariz, se ben, como se sinalou na comisión de facenda o camiño que se seguiu nistes anos ten sido moi axeitado, pero con esta medida tamén se pretende reforzar e despertar o interés das empresas.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, expresa a súa satisfacción porque con esta proposta o grupo municipal de goberno súmase a unha medida que o Partido Popular levaba no seu programa electoral con respecto ás bonificacións e exencións que so podían aplicar para fomentar a ubicación de empresas no parque empresarial. A proposta resulta, non obstante, tímida e insuficiente porque se o propósito é correcto e, aínda que non sexa determinante na decisión empresarial, a bonificación impositiva non deixa de ser un atractivo mais que suma a favor. Por eso, se ben van votar a favor da medida proposta tiña que haberse elevado ata o máximo legal dispoñible que é o 95%. Tamén habería que replantearse o modelo de xestión de venta das parcelas que ter resultados a medio e longo prazo, ver se é unha cuestión de prezos, dotar de solo a custe 0 a cambio de postos de traballo, o cal sería unha medida realmente progresista para Allariz.

Polo Grupo municipal do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, non fai uso do seu turno de intervención.

No turno de réplica, o Alcalde sinala que non se pode falar de fracaso na xestión de venda das parcelas de Chorente porque se está competindo con ofertas de solo industrial en algúns casos regalado ou con moitas bonificacións, e sen embargo ningún deles pode contar que en pleno 2015 unha empresa como Misturas adquira 12.000 m<sup>2</sup>; Ibegránitos, 1.000 m<sup>2</sup>; Faurecia, aumente a superficie ocupada; talleres Grande incrementa en 1.000 m<sup>2</sup> a súa nave e que Ebanistería Allariz poña en marcha a súa nave con 4.000 m<sup>2</sup>. Acolle con satisfacción, non obstante, a posición favorable do PP pero non é acaído pensar que exclusivamente a ubicación das empresas teña que ver co incentivo fiscal do Imposto sobre Construcións. A decisión empresarial seguramente ten en conta outros factores e ata a data esta é a terceira fase do parque empresarial xestionado integramente polo concello desde a fase de compra dos terreos, planificación, urbanización e venda de parcelas. E neste senso hai que ter en conta que outros empresarios xa levan un tempo comprando parcelas nun réxime determinado e non convén variar as condicións de venda, polo mesmo non se ten variado o prezo. Este xesto tamén ten que ver con que no 2016 as empresas non van ter os incentivos do plan leader e dalgunha maneira preténdese compensalas sen agraviar aos empresarios xa establecidos.

No turno de réplica a portavoz do Partido Popular, Luz Doporto Real, sinala que vai insistir na conveniencia dunha bonificación do 95% e reconece que o concello tivo que facer un esforzo de xestión pero a urbanización foi feita con fondos da Xunta de Galicia e se non fora por estes fondos o parque empresarial non sería unha realidade. Segundo deduce do que se dixo na comisión de facenda parece que hai algunha empresa que se vai instalar durante o 2016 por eso a medida parece que ten esta duración e non outra o cal explica esta medida temporal. A respecto do alarde de implantación de empresas no 2015 non é tanto, afirma a concelleira, porque o caso de Misturas non é mais que a formalización dun contrato de aluguer con opción de compra de 3 anos de duración. A realidade é a que é, conclúe.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que non se trata dunha medida ad hoc porque calquer empresario pode presentar un proxecto de instalación empresarial durante o ano 2016 acompañada da memoria correspondente e beneficiarse desta iniciativa, previo acordo plenario que valorará a solicitude. Con respecto ás axudas para os gastos de urbanización, o Concello solicitou as axudas que considerou conforme ás liñas establecidas para todos os parques empresariais pero eso non impide que se saiba que foi o concello quen puxo en marcha o solo industrial, ningún outro concello o fai, porque é Xestur quen fai a xestión de adquisición, urbanización, promoción e venda, non os concellos. Con respecto ás empresas citadas anteriormente non son froito de contratos de aluguer con opción de compra, do cal hai que congratularse.

Visto o expediente tramitado;

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 27/10/2015;

O Pleno, pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta corporación local, ACORDA:

*Primeiro.- Modificar con carácter provisional o artigo 4 da ordenanza reguladora do Imposto introducindo un novo apartado 4 coa seguinte redacción:*

*Artigo 4º.*

*Apartado 4.- Bonificacións sobre a cuota do imposto.*

*Establécese unha bonificación do 50 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.*

*Dita declaración corresponderá ao Pleno da Corporación e acordarase por voto favorable da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do suxeito pasivo acompañada dunha memoria xustificativa do investimento e da creación dos postos de traballo de carácter indefinido e/ou temporais que, no seu caso, se prevean crear.*

*Segundo. Aprobar o texto da ordenanza que se xunta como anexo I.*

*Terceiro.- De conformidade co disposto no citado artigo 17.1 do TRLRFL, o presente acordo provisional, xunto coa nova redacción das normas da Ordenanza fiscal afectadas exporáanse ó público no taboleiro municipal durante o prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

*Dita exposición anunciaráse no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a contar o prazo a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación do correspondente anuncio.*

*Finalizado o prazo de información pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións presentadas e a redacción definitiva da Ordenanza coas modificacións que se introduciron. No caso de que non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, até entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.*

*O acordo de aprobación definitiva expreso ou tácito e o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.*

*Cuarto.- Facultar ao Sr. tan amplamente como en dereito proceda para que proceda á execución destes acordos.*

#### **4.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, VELADORES E ELEMENTOS ANÁLOGOS.- Aprobación, se procede, dunha modificación da ordenanza fiscal.**

Da conta o concelleiro de medioambiente, Bernardo Varela López, sinalando que a ordenanza en vigor desde fai dous anos ten dado moi bos resultados porque ten permitido incentivar o sector hosteleiro moi favorablemente mediante a ocupación de espazos públicos de maneira regulada. Fiscalmente é unha ordenanza xusta, sinala, pero tense advertido que algún hosteleiro retrasa o pago anual e mesmo solicita a ocupación non estando ao corrente desta obriga como fan todos. Esta circunstancia é a que motiva a modificación puntual da ordenanza.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, expresa a súa conformidade e voto favorable á proposta porque resulta evidente de que a ocupación do espazo público hai que pagalo conforme está previsto. Non obstante, sinala que, ao marxe desta circunstancia, hai un clamor entre os hosteleiros de volver a estudar o uso dos espazos públicos con mesas, sillas e veladores, porque non todas as cafeterías poden establecer este tipo de terrazas porque non hai espazo público suficiente, pero sería convinte volver a estudar en qué lugares, rúas ou prazas públicas se pode facer uso deste espazo público, mesmo se podería facer un concurso de ideas para establecer un tipo de modelo de velador para estender o seu uso ás tempadas de inverno. Habería que retomar e reevaluar, xunto cos hosteleiros, o uso dos espazos con este tipo de terrazas.

Polo Grupo municipal do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, non fai uso do seu turno de intervención.

Polo exposto,

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 27/10/2015;

O Pleno, pola unanimidade dos trece concelleiros que legalmente integran esta corporación local, ACORDA:

*Primeiro.- Modificar con carácter provisional o artigo 9 da ordenanza reguladora da taxa por ocupación do dominio público con mesas, cadeiras, veladores e elementos análogos, introducindo un último parágrafo co seguinte texto:*

*O solicitante da licenza deberá acreditar estar ao corrente do pago desta taxa impedíndose a ocupación do espazo público polo mesmo titular en tanto non sexan aboada a débeda tributaria, vencida, líquida e esixible.*

*Segundo. Aprobar o texto da ordenanza que se xunta como anexo II.*

*Terceiro.- De conformidade co disposto no citado artigo 17.1 do TRLRFL, o presente acordo provisional, xunto coa nova redacción das normas da Ordenanza fiscal afectadas exporáñse ó público no taboleiro municipal durante o prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

*Dita exposición anunciaráse no Boletín Oficial da Provincia e comenará a contar o prazo a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación do correspondente anuncio.*

*Finalizado o prazo de información pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións presentadas e a redacción definitiva da Ordenanza coas modificacións que se introduciron. No caso de que non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, até entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.*

*O Acordo de aprobación definitiva expreso ou tácito e o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.*

*Cuarto.- Facultar ao Sr. tan amplamente como en dereito proceda para que proceda á execución destes acordos.*

## **5.- Cadro de tarifas de auga 2016.- Aprobación da modificación da ordenanza reguladora.**

Admítise unha exposición conxunta dos puntos 5 e 6 relativos aos cadros de tarifas da auga e saneamento 2016, sen persuizo de que votación sexa separada.

Da conta a concelleira de promoción económica, 1ª tte de Alcalde, Cristina Cid Fernández, sinalando que se trata dunha actualización dos contratos en vigor conforme á actualización do IPC que neste caso é do -0,4% que na práctica supón unha variación moi pequena, en algúns consumos non hai alteración de prezos polos redondeos a dous díxitos.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, expresa a súa satisfacción pola terminación da cláusula que determinaba un incremento do 5 por 100 anual do prezo da auga. Sobre os datos do IPC de agosto do 2014 a agosto do 2015 que reflicten a variación do -0,4%, se se tomara de novembro a novembro a variación sería un pouco máis favorable, do -0,7%. Non é unha gran variación, admite, pero sería máis real.

Polo Grupo municipal do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, non fai uso do seu turno de intervención.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que a práctica é tomar un período de agosto a agosto e non parece lóxico varialo a conveniencia; ademais se agora é máis favorable tamén se vai reflectir na variación do vindeiro ano.

Visto o expediente tramitado;

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 27/10/2015;

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (9) e do PSdeG-PSOE (1), coa abstención do PP (3), ACORDA:

*Primeiro.- Modificar o cadro de tarifas da taxa polo abastecemento da auga potable en vigor para o ano 2016, cunha modificación do -0,4% correspondente á variación do IPC sobre as tarifas do 2015, dando nova redacción ó artigo 6:*

*Artigo 6.- Cuota Tributaria.*

a)	<i>Por dereitos de conexión ou enganche á rede:</i>	<b>50,00</b>	Euros
b)	<i>Por consumos:</i>		
b.1)	<u><i>Domésticos:</i></u>		
1)	<i>Cota fixa por abonado e mes:</i>	<b>4,98</b>	Euros
2)	<u><i>Por tramos de consumos (eur/m3):</i></u>		
	<i>De 0 a 10 m3/ab.mes</i>	<b>0,36</b>	Euros
	<i>De 11 a 30 m3/ab.mes</i>	<b>0,46</b>	Euros
	<i>De 31 a 50 m3/ab.mes</i>	<b>0,61</b>	Euros
	<i>De 51 a 80 m3/ab.mes</i>	<b>2,08</b>	Euros
	<i>De 81 a 100 m3/ab.mes</i>	<b>4,15</b>	Euros
	<i>A partir de 101 m3/ab.mes</i>	<b>6,92</b>	Euros
b.2)	<u><i>Industrias:</i></u>		
1)	<i>Cota fixa por abonado e mes:</i>	<b>6,65</b>	Euros
2)	<i>Por tramos de consumos:</i>		
	<i>Desde 0 m3/abonado/mes</i>	<b>0,76</b>	Euros
b.3)	<u><i>Por gravidade:</i></u>		
	<i>Por tramos de consumos:</i>		
	<i>De 0 a 2 m3/ab.mes</i>	<b>0,00</b>	Euros
	<i>De 3 a 10 m3/ab.mes</i>	<b>0,34</b>	Euros
	<i>De 11 a 30 m3/ab.mes</i>	<b>0,62</b>	Euros
	<i>A partir de 31 m3/ab.mes</i>	<b>0,76</b>	Euros

*Segundo.- Aprobar o texto refundido da ordenanza.*

*Terceiro.- De conformidade co disposto no citado artigo 17.1 do TRLRFL, o presente acordo provisional, xunto coa nova redacción das normas das Ordenanzas fiscais afectadas exporáñse ó público no taboleiro municipal durante o prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

*Dita exposición anunciaráse no Boletín Oficial da Provincia e comenará a contar o prazo a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación do correspondente anuncio. Se non*

hai alegacións ou suxerencias o acordo provisional convírtese en definitivo sen necesidade de acordo expreso.

Cuarto.- A presente modificación entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2016.

## **6.- Cadro de tarifas de saneamento 2016.- Aprobación da modificación da ordenanza reguladora.**

Visto o expediente tramitado;

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 27/10/2015;

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (9) e do PSdeG-PSOE (1), coa abstención do PP (3), ACORDA:

*Primeiro.- Modificar o cadro de tarifas da taxa polo servizo de saneamento para o exercicio 2016, cunha modificación do -0,4% correspondente á variación do IPC sobre as tarifas do 2015, dando nova redacción ó artigo 7:*

*Artigo 7.- Cota tributaria.*

*A cota pola prestacións servizos da rede de sumidoiros e depuración será a resultante de aplica-la seguinte tarifa:*

<i>Cuota fixa mensual.....:</i>	<i>3,35 EUROS/abon.mes</i>
<i>Consumo.....:</i>	<i>0,07 EUROS/M3</i>

*No caso de verquidos de gran volume con medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa rede municipal, que virtan á rede de alcantarillado un caudal moi superior ao consumido da rede municipal, instalarán ao seu cargo un equipo medidor de caudal, ou no seu defecto se poderá realizar un aforo do verquido e se facturará coa seguinte tarifa:*

<i>Cuota fixa mensual.....:</i>	<i>3,35 EUROS/mes</i>
<i>- Consumo.....:</i>	<i>0,07 EUROS/M3</i>

*Segundo.- Aprobar o texto refundido da ordenanza.*

*Terceiro.-. De conformidade co disposto no citado artigo 17.1 do TRLRFL, o presente acordo provisional, xunto coa nova redacción das normas das Ordenanzas fiscais afectadas exporáñse ó público no taboleiro municipal durante o prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

*Dita exposición anunciaráse no Boletín Oficial da Provincia e comenará a contar o prazo a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación do correspondente anuncio. Se non hai alegacións ou suxerencias o acordo provisional convírtese en definitivo sen necesidade de acordo expreso.*

Cuarto.- A presente modificación entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2016.

## **7.- ORDENANZA REGULADORA DA XESTIÓN DA BIOMASA E DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS DO CONCELLO DE ALLARIZ.- Aprobación, se procede, da ordenanza.**

Da conta o concelleiro de medioambiente, Bernardo Varela López, sinalando que a aplicación da normativa vixente está a funcionar razoablemente ben porque os veciños solen facer estas limpezaas *motu proprio* ou despois dun primeiro requerimento municipal. O que se ven a facer agora con esta ordenanza é unha labor de sistematización entre todos os concellos a través da Fegamp con intervención tamén da Consellería de Medio Ambiente, que está ben organizada e que presumiblemente vai axudar na xestión dos obxectivos previstos.

Por parte dos grupos municipais non hai intervencións.

Visto o expediente tramitado,

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 27/10/2015;

O Pleno, pola unanimidade dos trece concelleiros que legalmente integran esta corporación local, ACORDA:

*Primeiro.- Aprobar con carácter inicial a ordenanza reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello de Allariz que figura como anexo III da presente acta.*

*Segundo.- Dispor que se someta a información pública e audiencia aos interesados por prazo mínimo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxerencias mediante anuncio que se publicará no BOP e no Taboleiro municipal.*

*As reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo serán resoltas polo Pleno na aprobación definitiva.*

*No caso de que non se presentaran reclamacións ou suxerencias, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo expreso, en cuio caso procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e non entrará en vigor ata que se teña publicado completamente o seu texto e teña transcorrido o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Terceiro.- Facultar tan amplamente como en dereito proceda para que o alcalde proceda a execución deste acordo, mesmo para correxir os erros que se aprecien na redacción dos textos definitivos do regulamento.*

## **8.- ORZAMENTO XERAL 2015.- Aprobación, se procede dun expediente de modificación de créditos por transferencias entre partidas.**

Da conta o Alcalde sinalando que hai algunhas partidas de gastos que a estas alturas da execución do orzamento vense superadas nas súas previsións iniciais, sobre todo á vista de determinadas circunstancias sobrevidas sobre todo en materia de mantemento dos centros educativos no que se ten feito un esforzo significativo de melloras tanto na escola infantil municipal como no CEIP, tamén na piscina climatizada na que a renovación dos ximnasios levou aparellada unha maior dotación para o mantemento de maquinaria; mesmo tamén en relación ás escolas culturais e deportivas, polos importes parciais que se indican no expediente. A transferencia dos créditos por importe de 120.000 euros efectuaríase dende a partida de intereses financeiros do capítulo 3 que rexistra unha rebaixa substancial con respecto ás previsións iniciais.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, recorda que no plan de axuste aprobado con motivo dos plans de pagos a provedores do ano 2012 e 2013 contemplábase unha contención do gasto corrente. Recentemente, sinala, pecháronse as contas do 2014 cun remanente negativo de 500 mil euros e agora aprovéitase a caída dos intereses financeiros para incrementar o gasto corrente cando o que habería que facer é amortizar débeda. Non parece lóxico, p. ex. qué maiores gastos se fixeron na Casa da Mocidade para que se



incrementen as previsións iniciais en 15.000 euros ou nas escolas deportivas que mesmo parece que os cartos non chegan para as previsións iniciais. O PP, sinala, non está de acordo con esta política de gasto que está a levar o concello e repasará o plan de axuste para ver se se están cumprindo os compromisos adquiridos. Entende que ten que imperar a sensatez e no momento en que a bonanza o permita o concello ten que desfacerse de débeda para poder despegar economicamente, porque a débeda é un lastre demasiado grande.

Polo Grupo municipal do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodriguez Camba, non fai uso do seu turno de intervención.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que Allariz ten unha xestión, cunhas propostas por parte do grupo de goberno que son valoradas nas eleccións por parte dos veciños, ás últimas foron no mes de maio e pronunciáronse ao respecto. Non se está aumentando o gasto corrente, sinala, porque tanto o capítulo 2 como o capítulo 3 son gastos ordinarios e obviamente o que se fai é un axuste de partidas entre dous capítulos. Non cree que nun orzamento de 6 millóns de euros facer un axuste de 120.000 euros se poda entender como unha mostra de mal gasto. O importante para os veciños, sinala o Alcalde, é o mantemento da calidade de vida, os servizos públicos que ofrece o concello, a posibilidade da dinamización económica, mesmo con todos os eventos que se programan e que se fan con ese propósito. Se non houbera festival de xardíns, ou concesións municipais, non habería, en definitiva, dinamización económica. Está de acordo en que hai que reducir débeda pero conservando o modelo de dinamización económica dentro dun equilibrio, porque a bonanza económica non cambia as cousas, non hai mais que ver outros concellos, onde non hai esta dinamización. Acepta que hai que ser ponderados desde o punto de vista económica pero, igual que nas familias, o grao de viabilidade non se mide polo que se debe ós bancos: dependerá dos ingresos mensuais, dos gastos, pero tamén do patrimonio que teña, sinala. Tendo en conta estas variables tamén encaixa o obxectivo compartido de ir reducindo a débeda que ten o concello. Considera finalmente que non se están incumplindo os compromisos do plan de axuste.

Visto o expediente tramitado,

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 27/10/2015;

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (9), coa abstención do PSdeG-PSOE (1), e co voto en contra do PP (3), ACORDA:

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente nº /2015 de modificación do orzamento pola modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distintas áreas de gasto. O acordo adoptarase polo Pleno da Corporación, previo dictamen da comisión de facenda, co seguinte detalle:

<b>Expediente de Moficiación de Créditos mediante transferencias entre partidas (distintos grupos de función)</b>
---

<b>MINORACIÓN DE CRÉDITOS</b>				
Aplicacións afectadas	Aplicación orzamentaria	Consignación inicial	Disminución	Consignación final
Intereses de Préstamos do Interior	0111.31000	245.000,00	120.000,00	125.000,00
	<b>SUMAS</b>	<b>245.000,00</b>	<b>120.000,00</b>	<b>125.000,00</b>

<b>INCREMENTO DE CRÉDITOS</b>				
Aplicacións afectadas	Aplicación orzamentaria	Consignación inicial anterior a este expediente	Incremento	Consignación final
Reparacións, mantemento e conserva. Edificios	3231.21200	2.000,00	10.000,00	12.000,00
Productos alimenticios (comedor gardería)	3231.22105	16.000,00	5.000,00	21.000,00
Outros gastos diversos (Parque etnográfico)	3331.22699	15.000,00	15.000,00	30.000,00
Actividades culturais e deportivas	3341.22609	15.000,00	10.000,00	25.000,00
Outros traballos realiz. Outros empresas. E prof. (escolas culturais)	3341.22799	25.000,00	5.000,00	30.000,00
Outros gastos diversos (Radio-Casa mocidade)	3371.22699	10.000,00	15.000,00	25.000,00
Maquinaria	3421.21300	10.000,00	10.000,00	20.000,00
Enxía eléctrica	3421.22100	30.000,00	10.000,00	40.000,00
Reparacións, mantemento e conserv. Maquinaria e insta.	9201.21300	15.000,00	30.000,00	45.000,00
Primas de seguros	9201.22400	20.000,00	10.000,00	30.000,00
	<b>SUMAS</b>	<b>158.000,00</b>	<b>120.000,00</b>	<b>278.000,00</b>

**SEGUNDO.** *Expor este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.*

*O expediente será publicado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

## **9.- MOCIÓN do PSdeG-PSOE con motivo do día internacional contra a violencia de xénero.**

Da conta a portavoz do PsdeG-PSOE, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, do seguinte texto que reflicte a moción presentada co seguinte teor literal:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Arredor de 800 mulleres foron asasinadas en España pelas súas parellas ou ex parellas desde o ano 2003, cando comezaron a recompilarse estatísticas oficiais. Unha violencia ante a que non queremos permanecer impasibles porque para o PSdeG-PSOE, a igualdade entre mulleres e homes é un principio fundamental.

O noso compromiso contra a violencia de xénero é firme. Foi un Goberno Socialista o que aprobou a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, que supuxo un revulsivo respecto da violencia de xénero en todos os seus aspectos e que se consolidou como modelo internacional. Unha lei recoñecida e premiada e que establece un sólido e completo marco legal para a prevención, protección, persecución e castigo da violencia por parte do compañeiro ou ex compañeiro sentimental. Unha lei que desenvolvemos e puxemos en marcha durante os anos de goberno.

O noso compromiso contra a violencia de xénero é permanente. Así, o 25 de novembro de 2014, ratifícamolo declarando a toda a organización e todas e cada unha das súas agrupacións como "Espazo seguro e libre de violencia de xénero". Este verán, na Declaración do Consello Político Federal do 13 de xullo, a Declaración de Sevilla, volvémonos a comprometer cunha declaración na que se anunciaba que todos os nosos gobernos autonómicos priorizarán a loita contra a violencia de xénero cos orzamentos adecuados, políticas de prevención e recursos suficientes para a protección das mulleres vítimas e dos seus fillos e filias.

No Foro de alcaldes e alcaldesas de Madrid do 23 de xuño, os concellos socialistas ratificaron o cumprimento de seis compromisos adquiridos coa cidadanía e por iso declararon que é un reto de abrigado cumprimento erradicar a violencia de xénero dos nosos municipios. Nas seis prioridades subliñaron a contundencia dos concellos socialistas nas medidas contra a violencia de xénero e no desenvolvemento dunha rede de atención, asistencia e protección social que garanta ás mulleres en situación de violencia a súa seguridade e dereito a refacer as súas vidas.

Unha sociedade decente esixe avanzar cara a unha sociedade segura e libre de violencia de xénero, que garanta unha resposta efectiva ás mulleres que sofren violencia así como aos seus fillos e filias.

Por todas estas razóns, un ano máis, atendemos ao chamamento de Nacións Unidas de conmemorar o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as mulleres, e ratificamos o noso compromiso explícito de rexeitamento da violencia de xénero, ratificamos o noso compromiso de traballar até conseguir a súa erradicación. Temes a convicción de que a tolerancia cero á violencia contra as mulleres debe ser un valor da sociedade no seu conxunto. É o noso compromiso, son os nosos valores.

Este ano, ante unha cita electoral, queremos denunciar unha lexislatura que termina e na que o Goberno do PP cos seus recortes e retrocesos malogrou catre anos da vida das mulleres vítimas, dos seus fillos e filias. Como sociedade fixéronnos perder moito tempo. E en igualdade, todo o que non se avanza retrocédese. Ademais das modificacións legais contrarias á igualdade, os orzamentos do PP ao longo desta lexislatura evidencian a escasa atención prestada polo Goberno Popular á violencia de xénero, cuestión que debería estar permanentemente na axenda política e sinalada como unha das cuestións de Estado prioritarias.

Así, o programa contra a Violencia de Xénero baixa o 10,92% respecto de 2009. O gasto para o programa específico en prevención da violencia de xénero para 2016 aumenta o 6% e ascende a 25.2 millóns de euros, o que queda lonxe dos 34,3 millóns cos que contaba en 2010. É dicir, a pesar do aumento que introduciron nuns orzamentos aprobados en vésperas das eleccións xerais, nin sequera conseguen igualar as cifras de fai catro anos. O orzamento para igualdade e violencia para 2016 representa o 0,0103% do total. Ao que hai que engadir que só hai dous millóns de euros nos Orzamentos para 2016 destinados á atención ás vítimas de trata.

É tempo de solucións. No PSdeG-PSOE queremos consolidar un gran Acordo contra a violencia de xénero que ofrecemos a todas as forzas políticas. Unha sociedade decente esixe avanzar cara a unha sociedade segura e libre de violencia de xénero, que garanta unha resposta efectiva ás mulleres que sofren violencia así como aos seus fillos e filias, xerando e ofrecendo os mecanismos necesarios para conseguilo.

En primeiro lugar, hai que repor e dotar suficientemente as partidas orzamentarias, que se viñeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos. Recursos que tamén eremos necesario que aumenten nos servizos máis próximos, polo que é importante crear un fondo de apoio aos concellos que alcance progresivamente nun prazo de catro anos os 100 millóns de euros para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e os centros da Muller.

Ademais dos orzamentos, un dos maiores problemas aos que nos enfrontamos na loita contra a violencia de xénero nestes momentos está relacionado coa xustiza. O número de denuncias é insuficiente. Todos os estudos indícanos que só se denuncia aproximadamente o 30% da violencia de xénero polo que o 70% queda impune. Ternos que loitar contra esa impunidade e ternos que conseguir que as vítimas teñan confianza na xustiza, que estean protexidas e que non teman perder aos seus fillos e filias, que non teman saír elas denunciadas, que non teman comezar un periplo sen saída nin final.

Por iso no Acordo que propomos, subliñamos a necesidade de pór en marcha nos Xulgados Especializados en Violencia de Xénero o Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido xudicial, desde o momento no que pon a denuncia até o final do proceso. Así tamén é importante o establecemento de protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero. Fai falta moito valor, moita coraxe para saír da violencia, para denunciar ao maltratador, para facerlle fronte. Cada retirada de denuncia é un fracaso da xustiza. Cada denuncia retirada é un éxito do maltratador na súa estratexia do medo, da coacción, da ameaza. A impunidade é gasolina para o motor da violencia que hai que eliminar.

Sabemos que a violencia de xénero é un fenómeno complexo, por tanto, os/as que se enfrontan a el teñen que estar especializados/as e recibir unha formación completa e rigorosa. Sabemos que existen fallos na percepción do risco e nos informes psicosociais. Sabemos que en numerosas ocasións se revictimiza ás mulleres polo que é necesaria a obrigatoriedade de formación específica na materia, impartida por unha institución acreditada previamente a ocupar o seu posto, tanto dos maxistrados á fronte de órgano xurisdiccional especializado, como de avogados, forenses e equipos psicosociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero.

A educación é outra das nosas preocupacións. Se non rompemos os ciclos, a violencia de xénero pasará de xeración en xeración polo que é materia do Acordo tanto o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero como o Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero e especialmente, a

incorporación ao currículo en todas as etapas educativas a formación específica en Igualdade, educación afectivo sexual e de prevención da violencia de xénero.

Por último, tal como recomendaron tanto a CEDAW como Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica, estamos convencidos de que é o momento de ampliar a Lei Integral contra a violencia de xénero de maneira que estean recollidas nela todas as manifestacións da devandita violencia e non exclusivamente as que se producen en relacións de parella como ocorre neste momento.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de ALLARIZ presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte **MOCION**,

Este Concello dedica un sentido e doloroso recordo á memoria de todas as mulleres asasinadas por violencia de xénero e expresa as súas condolencias ás súas familias e amizades. Tamén, a todos os menores, aos fillos e as filias dos maltratadores, vítimas á súa vez desta violencia, vítimas mortais incluso, convertidas en último exercicio de vinganza contra as súas nais.

De igual maneira, manifesta a súa repulsa a todas as manifestacións da devandita violencia, redobra o seu compromiso coas vítimas e declara a tolerancia cero cos maltratadores.

Este Concello comprométese a non reducir nin recursos, nin servizos, nin orzamentos para combater a Violencia de Xénero así como a:

1. Reclamar que os Concellos e entes locais recuperen expresamente as competencias en Igualdade e Violencia de xénero, coa consecuente dotación orzamentaria suficiente, igual que o resto das Administracións Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, co obxecto de aplicar na súa integridade e de forma eficaz a Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

2. Declararse municipio libre de violencia de xénero. Para iso, este municipio garantizará unha rede de atención social ás mulleres en situación de violencia e que lles axudará a buscar alternativas para recuperar a súa vida (dereitos laborais, políticas de formación, apoio ao emprego, vivenda, axudas sociais). Na devandita rede estarán incluídos os servizos de protección, información, asesoramento, acompañamento e acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, os seus fillos e as súas filias.

Este Concello esixe ao Goberno Estatal que:

- Repoña e dote suficientemente as partidas orzamentarias, que se vmeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos.

- Estípule un fondo de apoio aos concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e centros da Muller para o desenvolvemento e cumprimento da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

- Poña en marcha, nos Xulgados Especializados en Violencia de Xénero, o Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro, no seu percorrido xudicial desde o momento no que pon a denuncia até o final do proceso.

- Estableza protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.

- Active de forma permanente o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero.

- Incorporare ao currículo a formación específica en Igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.

- Poña en marcha un Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.

- Estipule a obrigatoriedade de que tanto os maxistrados á fronte de órgano xurisdiccional especializado, como avogados, forenses e equipos psicosociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero teñan certificado, previamente a ocupar o seu posto, formación específica na materia impartida por unha institución acreditada.

- Amplie as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da leí de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Istambul), que España ratificou.

Polo BNG, intervén a concelleira de benestar social, Maribel Poisa Rey, sinalando que dende o concello de Allariz o traballo a prol da muller é un pilar básico e fundamental a través da concellería de benestar social, un traballo que fai fincapé na protección física e psicolóxica; na preservación da dignidade de todas as mulleres e de todas as vítimas indirectas desenrrolando proxectos de inserción social e laboral, traballo con familias, etc. traballo amparado polo plan municipal de igualdade e próximamente pola posta en marcha do protocolo de acción e prevención contra a violencia de xénero aprobado polo acordo unánime de todos os grupos municipais. O grupo municipal do BNG súmase a esta moción cun voto favorable facendo tan só un par de puntualizacións que se poderían incorporar ou estudar. Con respecto á financiación e recursos a reivindicación non pode ir encamiñada tan só ao Goberno do Estado, a reivindicación de maiores orzamentos, de mais recursos, facémola tamén á Xunta de Galicia. Como segundo punto a declaración de municipio libre de violencia de xénero non parece un termo moi acaído, podería ser municipio a prol do fin da violencia de xenero. Gustaríanos que non só neste concello senón que en todos os concellos o número de vítimas sexa 0 pero por desgracia o único que se pode dicir é que o noso traballo vai seguir a reo sen restar medios para nunca mais ter que conmemorar un día como o día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.

Polo grupo municipal do Partido Popular intervén a súa concelleira, María del Carmen Pérez González sinalando que o Grupo Socialista escúdase na falsa idea de progresismo da esquerda española para mentir descaradamente cando di que a igualdade é un principio fundamental para o seu partido.

Vou empezar, sinala a concelleira, por remitirme á historia que a vostedes tanto lles gusta terxiversar, como cando Pedro Sánchez atribúe a lei do divorcio ao PSOE, e non ao goberno da UCD, para lembrarllas ou se cadra dicirlles, por primeira vez, que nas cortes constituíntes no ano 1931, debateuse, de novo, o recoñecemento do dereito ao voto da muller. Nas anteriores eleccións as mulleres podían ser elixidas pero non elixir, o que deu lugar a que sentasen no congreso tres deputadas.

Dna. Margarita Nelken, polo Partido Socialista, no momento do debate sobre o voto feminino, opúxose, xunto con Dna. Vitoria Kent, deputada polo partido Republicano Radical Socialista co peregrino argumento de que “pór un voto en mans da muller é hoxe, en España, realizar un dos maiores anhelos do elemento reaccionario”. Indalecio Prieto, tamén do PSOE, ausentouse das dúas votacións que tiveron lugar para non votar a favor, dicindo que “aquilo era unha puñalada traperera á República”. Clara Campoamor, pertencente ao Partido Radical e non ao partido socialista, do que renegaba, fixo unha magnífica exposición a favor do sufraxio feminino, tendo que sufrir por iso ameazas de morte dos pacíficos e tolerantes socialistas. Non veñan agora con alardes de igualdade porque non coa.

A igualdade é recoñecer as diferenzas que existen entre as persoas sen discriminalas por iso, por tanto, todo o mundo é diferente pero cos mesmos dereitos.

Madame Curie dixo: “Nunca crin que por ser muller deba ter tratos especiais, de crelo estaría a recoñecer que son inferior aos homes e eu non son inferior a ningún deles”. Non sei o que

pensará o Grupo Socialista, pero eu estou convencida de que Madame Curie non tiña un pelo de parva, afirma a concelleira.

A Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero aprobada no ano 2004 nin supuxo un revulsivo nin é modelo internacional. Antes de que ocorrese iso, gañásemos Eurovisión.

Segundo datos de Amnistía Internacional, desde a creación dos Xulgados de Violencia en 2005 até 2013, o número de sobresementos provisionais (arquivos do procedemento por non quedar acreditados os feitos) incrementouse un 158%, o número de denuncias e o de ordes de protección ha ir caendo ano tras ano e a porcentaxe de sentenzas condenatorias descendeu até situarse no 50% no 2012, dez puntos por baixo da porcentaxe rexistrada en 2006. É necesario que tras 8 anos de funcionamento deste tipo de xulgados fáganse avaliacións que tenten aclarar o significado destas cifras.

Esta lei que vostedes pon como exemplo, discrimina aos homes por razón de sexo, o que contradi o artigo 14 da Constitución Española, que establece o principio de igualdade «sen ningún tipo de discriminación por razón de sexo». Ademais non considera os casos en que a violencia a exerza unha muller e exclúe a violencia en parellas homosexuais, desamparándolas.

Ao final do artigo que sinala as posibilidades punitivas, permítese ao xuíz razoar e impor unha pena inferior en grao se o considera oportuno, o que dá que pensar que nin sequera o lexislador está moi convencido da xustiza da norma.

Expón problemas non bis in idem entre os quebrantamentos das medidas cautelares e o delito de quebrantamento de condena, e deu lugar a casos de sexismo inverso por exemplo en casos de mulleres con síndrome de muller maltratada que foron asasinadas e cuxo síndrome foi utilizado para considerar que non houbo aleivosía e por tanto o crime non se considera asasinato senón homicidio doloso, cunha pena inferior.

En canto ás estatísticas de mulleres asasinadas por violencia de xénero: Primeira lexislatura do Sr. Zapatero, coa marabillosa lei:

Ano 2004: 72; ano 2005: 57; ano 2006: 69; ano 2007: 71. Total: 269

Segunda lexislatura do Sr. Zapatero: Ano 2008: 76; ano 2009: 56; ano 2010: 73; ano 2011: 61. Total: 266

Primeira lexislatura do Sr. Rajoy: Ano 2012: 54; ano 2013: 35; ano 2014: 53; ano 2015: a 30 de setembro, 32. Total: 174

Se, case oitenta mulleres vivas máis. Si, aquí fixemos recortes. O problema é que vostedes reducen todo a diñeiro, o malo é que por moito que teñan utilízano mal. Está claro que é mellor pouco en boas mans que moito nas de vostedes.

Encantoume ler ese compendio de datas de reunións e eses nomes altaneros que lles pon e que non serven para nada. Quedei pampa cando o seu líder Sánchez dixo que proporía que as vítimas mortais de violencia de xénero tivesen un funeral de estado. Voulles a dicir unha cousa: que as vítimas non queren un funeral de estado, queren que non as maten. E que deixen de utilizar a súa dor e o seu problema con mentiras como arma electoral. E queda moi fino dicir "acompañamento xudicial personalizado", imos, o avogado de toda a vida. É coma se eu lévome a unha amiga de compras e chámolle persoal shopper.

Onde non se produciron recortes é nos orzamentos destinados a Políticas de Igualdade e contra a violencia de xénero:

Evolución do capítulo 313 dos orzamentos da Xunta:

- Orzamento 2009: 1.569.753€

- Orzamento 2010: 2.572.698€

- Orzamento 2011: 2.881.243€
- Orzamento 2012: 2.868.861€
- Orzamento 2013: 2.933.298€
- Orzamento 2014: 2.908.123€
- Orzamento 2015: 3.415.900€

É dicir, entre o ano 2009 e 2015, as partidas orzamentarias incrementáronse un 118% e entre os anos 2014 e 2015 un 17%

Respecto dos orzamentos estatais:

- Orzamentos 2014: 21.854.420€
- Orzamentos 2015: 23.728.180€
- Orzamentos 2016: 25.228.180€

Xa existe dependente da Delegación do Goberno en Galicia unha Unidade de Coordinación contra a violencia de xénero e ademais en cada Subdelegación do Goberno do catro provincias hai xefas de unidade de violencia de xénero coordinadas pola xefa da Unidade de Coordinación da Delegación do Goberno.

Xa existe unha orde anual de axudas e subvencións ás entidades locais galegas para a promoción da Igualdade, que se publicou o 9 de outubro no DOG, por un importe total de 4.660.133€, o que supón un aumento de 1.219.885€ (un 35,46% máis) con respecto ao ano pasado, distribuído en tres programas: apoio aos centros de información de mulleres 3.808.988€, programa de fomento da conciliación 500.000,00€, e programa de prevención 351.145€.

O 5 de maio de 2014 constituíuse o Observatorio Galego de violencia de xénero con tres grupos de traballo:

GRUPO 1: Elaborar un Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero na CA de Galicia que se presentará antes de que acabe o ano.

GRUPO 2: escoitar ás vítimas nas súas experiencias directas para extraer conclusións e directrices de mellora.

GRUPO 3: Abordar a violencia de xénero coa mocidade desde o ámbito educativo e determinar estratexias e unha proposta de traballo con mozos.

Respecto ao Plan nacional de sensibilización e prevención da violencia de xénero, xa o hai, e, chámase Estratexia Nacional para a Erradicación da Violencia contra a Muller 2013-2016 e estase desenvolvendo en todos os seus eixos e obxectivos.

Para previr a violencia de xénero o primeiro que hai que facer é ensinar aos homes a non maltratar, e así, no Decreto 86/2015 de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato establécese que:

A consellería con competencias en materia de educación fomentará ou desenvolverá a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído ou estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

E respecto da educación primaria o Decreto 105/2014 de 4 de setembro repite esas premisas nos artigos 3 e 11.

A Lei Orgánica 8/2015 de 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a lei 26/2015 de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, melloran a atención e a protección dos fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Foi nesta lexislatura cando o TS sentou xurisprudencia quitando a patria potestade aos asasinados das súas parellas dos fillos en común coas súas vítimas no mesmo proceso penal, sen necesidade de abrir o civil.

O 31 de xaneiro de 2014 o Parlamento de Galicia aprobou a proposta do grupo parlamentario popular a constitución da Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres, cuxo obxecto de estudo (aprobado por todos os grupos parlamentarios) foi a realización dunha avaliación da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e dá Lei 11/2007, de 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Aquí cabe sinalar que a lei galega contra a violencia de xénero amplía a definición dos malos tratos físicos no artigo 3 b) regulando a violencia psicolóxica, "que inclúe toda conduta, verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización ou sufrimento, a través de ameazas, humillacións ou vexacións, esixencia de obediencia ou submisión, coerción, insultos, illamento, culpabilización ou limitacións do seu ámbito de liberdade, exercida por quen sexa ou fose ou seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia. Igualmente, terán a consideración de actos de violencia psicolóxica contra a muller vos exercidos por homes do seu contorno familiar ou do seu contorno social e/ou laboral".

Respecto da formación específica dos equipos xurídicos, realizáronse dúas edicións do curso de violencia de xénero no que participaron 80 persoas, ademais doutros cursos que sen estar especificamente centrados neste tema, si proporcionaron coñecementos específicos sobre procedementos especiais relativos a menores e vítimas de violencia de xénero. Ademais acábbase de celebrar o 28 de outubro unha xornada sobre a nova Lei do Estatuto da Vítima do Delito.

En resumo, todo o que propoñen vostedes xa está feito, dá a impresión de que a moción a redactaron en 1985 e tróuxoa ao futuro Marty McFly.

Por tanto presentamos a seguinte emenda transaccional: *"Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia a que continúen incrementando vos recursos económicos destinados á prevención e á asistencia social ás mulleres vítimas da violencia de xénero, e a que sigan desenvolvendo todos vos días do ano políticas de prevención, sensibilización e protección ás mulleres e menores vítimas da violencia de xénero."*

*Continuar co desenvolvemento e a aplicación da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e dá Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e ou tratamento integral da violencia de xénero, co obxectivo único da protección e a atención ás mulleres vítimas da violencia de xénero e aos seus fillos e fillas".*

A portavoz do Grupo municipal do PsdeG-PSOE, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, renuncia ao seu turno de réplica.

Concluída a exposición, sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

Resultado votación	Votos	Grupo político
SI	9	BNG
	1	PSdeG-PSOE
Abstencións	3	PP



Queda aprobada a moción pola maioría absoluta legal.

## **10.- MOCIÓN do BNG de apoio ao sector leiteiro.**

Da conta o concelleiro de Medio Ambiente, Bernardo Varela López, do seguinte texto que reflicte a moción presentada co seguinte teor literal:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Ante a grave crise que está a padecer o sector lácteo galego parece que o Goberno Galego pretende seguir coa súa práctica habitual de eludir as súas competencias e responsabilidades.

O enorme esforzo de mobilizacións que durante máis de dous meses desenvolveu o sector produtor ten motivado reaccións tanto da industria como da distribución, que seguen a ser timoratas e insuficientes, mais que permitiron a retirada dos contratos lixo que se lles estaba obrigando a asinar ás granxas e o anuncio por parte de diversas distribuidoras de incrementar entre 3 e 5 céntimos o prezo no lineal coa intención de que ese incremento redunde nos e nas produtoras. Porén, por parte do Goberno Galego o único que obtiveron foron evasivas e no mellor dos casos boas palabras e palmadas no lombo. Finalmente, o leite subiu de 3 a 5 céntimos para os consumidores, mentres para os produtores a suba media foi dun céntimo.

Dentro desa estratexia de eludir as propias responsabilidades e competencias o Sr. Núñez Feijóo buscou amparo á súa inacción na UE, nas normas da competencia, no que el definiu como "incapacidade do sector produtor por agruparse para ser máis fortes" e agora vemos como pretenden derivar toda a responsabilidade cara os e as consumidoras. A única medida propia que vai adoptar o Goberno Galego é a de facer unha nova campaña de promoción do leite co etiquetado "Galega 100%" como gran medida para facer fronte a tan grave crise.

En primeiro lugar, non estamos ante un problema que se vaia resolver co consumo interno de leite, e sobre todo esa etiquetaxe non garante, en absoluto unha remuneración xusta e que garanta a cobertura dos custes de produción para os e as gandeiros.

Para alén diso, e tendo en conta que un dos grandes problemas do sector lácteo en Galiza é que a transformación está maioritariamente en mans de industrias foráneas, incluso o que conta coa etiquetaxe "Galega 100%", a actuación do Goberno Galego debера ir máis ben orientado a potenciar e promover os proxectos propios de transformación de leite en Galiza e nesa medida promover e poñer en valor o leite fresco como un produto de cercanía e de calidade e os produtos lácteos elaborados en Galiza.

Dito isto, desde o BNG seguimos mantendo que a verdadeira solución da crise que afoga ás explotacións lácteas galegas non poderá ter unha solución a curto prazo, e que sexa duradeira, se non vén da man dunha verdadeira modificación das relacións contractuais, da elaboración da distribución de beneficios da cadea de valor do leite, do establecemento de indicadores que permitan a fixación dun prezo que remunere os gastos de produción e da existencia dos elementos de control e sanción en caso de incumprimentos.

É dicir ás explotacións lácteas galegas non lle vale ningún acordo que non teña unha tradución inmediata das medidas nos contratos e nas facturas dos e das produtoras, e que estes garantan estabilidade a futuro.

Por outro lado, e dado que malia que o Goberno Galego prefira ignoralo, Galiza ten competencias exclusivas en materia de agricultura, gandería e tamén en comercio interior, e tendo en conta que o sector lácteo galego representa máis do 40% da produción e do 50% das granxas do Estado Español, non podemos consentir que todo se decida en Madrid e que se prive aos e ás gandeiras galegas da posibilidade de facer un seguimento dos acordos e de realizar novas propostas para a solución do problema.

Vistos os resultados acadados polos acordos tomados en Madrid un mes despois do inicio das mobilizacións, resulta plenamente vixente esta moción.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

#### ACORDO

*Instar ao Goberno Galego a:*

*1.- Esixir do Goberno do Estado a que en cumprimento das demandas dos e das produtoras e en virtude dos compromisos manifestados publicamente con estes inclúa nas medidas para facer fronte á crise do sector lácteo cando menos os seguintes elementos:*

- *Aplicar nos seus contratos prezos de compra que permitan remunerar o custe de produción das gandeiras e gandeiros.*
- *Determinación de que na construción da cadea de valor do leite se garanta unha retribución dos gastos de produción a través da determinación dos índices da INLAC (Organización Interprofesional Láctea) que deberán rexer o establecemento dos prezos nos contratos homologados*
- *Garantía de recollida da produción*
- *O establecemento dun modelo de contrato homologado no que se recollan esas premisas*
- *A aprobación inmediata de instrumentos legais de garantías de cumprimento para os gandeiros, e de sancións inmediatas para os casos de incumprimento*
- *Entrada en vigor destas medidas, tal e como se comprometeu, con efectos inmediatos.*
- *Que o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente se comprometa a velar polo cumprimento destes acordos*

*2.- A constitución dunha Comisión de seguimento en Galiza coa participación do Goberno Galego e de todas as organizacións de produtores, plataforma en defensa do sector lácteo, e demais elos da cadea para realizar un seguimento puntual do cumprimento dos acordos de Madrid e para realizar as propostas que se consideren necesarias para resolver a grave problemática do sector.*

*3.- A apostar por proxectos galegos, de base cooperativa ou de produtores/as, de transformación de leite e derivados lácteos.*

*4.- Que dentro da campaña de promoción de consumo de leite producido en Galiza se poña especial énfase na posta en valor do consumo de leite fresco e de produtos lácteos elaborados en Galiza como garantes de procedencia, de calidade e de produtos de cercanía.*

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Dporto Real, sinala, en primeiro lugar, que o seu grupo vai presentar unha enmenda nos seguintes termos:

*O pleno do concello de Allariz comprométese coa defensa do sector lácteo e insta aos gobernos estatal e autonómico a continuar coa adopción das medidas precisas, dende o seu ámbito competencial, para garantir unha axeitada construción de prezos e un adecuado equilibrio entre a oferta e a demanda na cadea de transformación do sector lácteo, e ás organizacións de produtores e organizacións agrarias a desenvolver as facultades outorgadas na normativa en toda a súa intensidade para acadar estes obxectivos.*

A continuación sinala que é falso dicir que estamos diante a peor crise do lácteo, polos seguintes motivos:

Entre decembro de 2007 e xuño de 2009 o prezo caeu 21 céntimos (de 46 a 25 ct). Daquela non protestaban tanto porque había un conselleiro do BNG.

O rendemento neto obtido pola produción vese matizado polo prezo dos custes de produción que veñen baixando desde setembro de 2012 (acumulando un 17% de baixada).

Estamos en niveis de prezos superiores con respecto a 2010 e semellantes a 2012 (a media do prezo no que vai de ano é de 30,04 ct/lit):

- O prezo medio do ano 2010 foi de 28,92 ct/lit → incremento de 5,8%
- O prezo medio do ano 2012 foi de 30,11 ct/lit → baixa do 0,24%

Tamén é falso dicir que estamos nunha situación provocada en Galicia:

Estamos cun problema de sobreproducción que non afecta só a Galicia. Os EEUU (un dos principais consumidores e produtores lácteos mundiais) están tirando leite por non podelo asumir a industria. En todos os países da Unión Europea (salvo en Grecia) medraron as entregas de leite no período marzo-abril con respecto ao mesmo período do ano pasado.

Estamos ante un problema de desaxuste entre oferta e demanda de leite que puido traer unha supertasa. UUAA animaba a producir máis xa antes de rematar as cotas, a pesar de que sabían xa deste posible problema e agora reconécese que hai un lixeiro sobrepasamento da cota, que puido ser máis grave de non terse en conta os mensaxes da administración.

Non estamos nun problema de deslocalización, nin perdendo capacidade produtiva. A produción deste período é a máis elevada da serie histórica:

- Entre abril de 2015 e 2014 a produción aumentou un 1,4%, e séguese incrementando a produción de xeito constante.
- Galicia é a que máis incrementou as súas entregas respecto ao mes anterior (abril 2015). O resto de CCAA (salvo Cantabria e Asturias) diminuíron as súas entregas respecto ao mes anterior (abril 2015)
- Non se están indo vacas a outras comunidades de xeito masivo. Dende o 1 de xaneiro de 2015 saíron de Galicia unicamente 1.089 animais de vacún, das cales vacas paridas frisonas eran 23 (o 2,1%).

Tamén é falso dicir que temos un problema de prezos só en Galicia, porque o prezo medio de abril de 2015 (28,80 ct/lit) é un 2,7% superior ao de xullo de 2012. O volume de leite entregada marca de forma importante o prezo:

- O 56 % do leite de Galicia estase cobrando a 29,81 €/l.
- Os produtores do tramo máis alto (>700.000kg) acada os 4,5 ct/lit con respecto aos de menor volume de entrega.

Se comparamos o prezo de España co prezo de Francia ou Alemaña, resulta que é superior o prezo español (e consecuentemente o galego) se o igualamos aos mesmos estándares de graxa e proteína que os prezos destes outros países. Galicia é a comunidade autónoma onde os custos de produción son máis baixos da Cornixa Cantábrica. Polo tanto, ante unha igualdade de prezos con outras CC.AA., en Galicia se estarían obtendo uns marxes de beneficio superiores.

Tamén é falso que estemos diante un problema xeralizado de recollida, porque UUAA pedíanos en decembro que a modificación do “paquete lácteo” incluíse a obrigatoriedade de recoller un 5% máis da produción do ano anterior. No decreto aprobado aumentamos ao 10%. As explotacións que nestes días puideron quedar puntualmente sen recoller foron inferiores ao 0,05% do total, polo tanto son problemas puntuais.

Tamén é falso dicir que estamos nunha xeralización de prezos baixos, porque os prezos anormalmente baixos non son xeralizados:

- Os 2.571 gandeiros que venden por baixo dos 26 ct/lit supoñen só o 9,90% das entregas.
- Os 541 gandeiros que teñen prezos por baixo de 20 ct/lit supoñen só o 1,37% do volume de leite entregado en Galicia: cunha media de entregas diarias de 166 lt.; e con casos de vendas a cooperativas propias para transformar en queixo ou requeixo (a ganancia vai no produto transformado).

A condición de “dobre volume, dobre prezo” (recoller o que se viña recollendo o ano pasado a un prezo e o que pase deso a outro máis baixo) foi por petición de UUAA: En decembro pediu: [...] *As entregas en cómputo anual poden variar en +/- 5 % sobre o volume obxectivo para adaptarse a circunstancias imprevisibles na produción. As partes poden acordar que o volume que se aparte do volume obxectivo teña un prezo diferenciado. [...]*

Tamén é falso dicir que non presionamos para ter contratos a un ano, porque non pode impoñerse porque o Regulamento (UE) 1308/2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios, establece que o gandeiro ten o dereito a rexeitar a duración mínima do contrato por escrito. UUAAs non querían eses contratos que agora demanda. Agora UUAAs e outros demandan contratos dunha duración mínima dun ano. Faro de Vigo (28 de setembro de 2012), Roberto García [...] *"Si no sabemos cuánto nos van a pagar. ¿cómo vamos a firmar un contrato de un año? [...]"*

Tamén é falso dicir que non presionamos para ter o mediador, porque pedimos a figura do mediador como recurso obrigatorio. Sen embargo, a disposición final terceira da Lei 15/2005 (e tamén a Directiva 2008/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2008), que foi aprobada polo Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero, indica que o sistema de mediación debe estar baseado, entre outros, no principio de voluntariedade. Creouse a figura do mediador, para aquelas circunstancias nas que non haxa acordo na fixación dos prezos ou doutros elementos do contrato e se acuda de forma voluntaria. Para que sexa efectiva ten que haber negociacións, non se pode mediar nunha negociación que non existe.

Tamén é falso dicir que non presionamos para que as OPL podan negociar porque o Real Decreto 1363/2012 dispón o contrato obrigatorio e a posibilidade de negociar os contratos mediante OPL. A Xunta non pode sentarse a negociar, teríamos problemas de competencia (a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia xa nolo advertiu). En Castela e León as OPL xa están negociando. As OPL galegas poden organizar a produción e evitar este desfase entre oferta e demanda: APROLACT-AGACA estao facendo a través das cooperativas, pero ULEGA-UUAAs non fai nada.

Tamén é falso dicir que Feijoo está ausente e non fai nada polo lácteo porque asinou un acordo en decembro de 2012:

- UUAAs-ULEGA incumpriu o único compromiso que adquiriu naquel acordo: o de fortalecer a negociación utilizando as capacidades que lles ofrece o "paquete lácteo"
- Feijoo está cumprindo todos os puntos do acordo asinado en decembro de 2012, fundamentalmente está en desenvolvemento un reforzado Plan Nacional de Controis do Paquete Lácteo que desenvolven as CCAA, promoverase a incorporación das terras de propietarios descoñecidos e a aprobación da Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria; e por último, estase axilizando o proxecto de Lei de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria prevía a posibilidade de ter que dar saída a excedentes de leite mediante a súa exportación. O PSOE ríanse da súa iniciativa para vender leite fóra de Galicia (especialmente daquelas xestións para vender en Cuba) e agora pídeno eles: Faro de Vigo 05/11/2015 → *"UPA (UUAAs) demanda la apertura de mercados para el sector lechero en Norte de Africa y Venezuela"*

O PSOE de Cantabria non pensa o mesmo que o galego e recoñecen o traballo de Feijoo polo sector lácteo: Ana Isabel Méndez Sáinz-Maza, voceira do Grupo Socialista no Parlamento de Cantabria: [...] *En Galicia, Feijoo exige delante de una empresa de distribución (Carrefour) que dejen de utilizar la leche como reclamo. Lo hizo delante de los dirigentes de esa empresa (Carrefour) en Galicia. Delante de ellos. [...] Lamentablemente, aquí no contamos con la suerte de que esta política sea tan relevante para este Gobierno como para que sea el Presidente quien, efectivamente, llame la atención a la industria y a la distribución sobre el problema [...].*

Tamén é falso dicir que non temos medidas para o lácteo porque desde 2009, Galicia adoptou medidas para mellorar a competitividade das explotacións, a súa capacidade financeira e a estrutura comercial do sector:

- Para mellorar a competitividade das explotacións: realizouse unha mellora da base territorial das explotacións a través da Lei de Mobilidade de Terras, Lei de Montes, Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria e a inclusión de terreos de propietarios descoñecidos; así como unha mellora da eficiencia enerxética en explotacións leiteiras mediante a achega de 12 M€ en axudas para este fin
- Para mellorar a capacidade financeira e de liquidez: No ano 2009 dispuxéronse axudas diversas (con fondos propios) para paliar a crise que afrontaba o sector pola caída de prezos; e priorizouse o pago das axudas da PAC e axilizouse de forma xenérica o abono das mesmas

- Para mellorar a estrutura comercial: publicouse o Decreto que regula o procedemento de recoñecemento e rexistro das Organizacións de Produtores (OP) de leite en Galicia e púxose en marcha a marca "Galega 100%", que avala a identificación do leite galego de calidade diferenciada.

Ata o de agora cumprimos todo o que nos foron pedindo:

- Contrato obrigatorio e negociar os contratos mediante OPL: RD 1363/2012
- Contratos dun ano e mediador: Real Decreto 125/2015
- Obrigatoriedade de recoller un 5% máis da produción do ano anterior (aumentado a un 10% polo MAGRAMA): RD 125/2015
- Prórroga dun mes máis para negociar os contratos a través das OPL: nota interpretativa do RD 125/2015
- Continuidade da obrigatoriedade de que os primeiros compradores transmitisen os datos: RD 319/2015

Neste ano 2015 lévanse inxectados xa máis de 116 M€ de axudas ao sector lácteo (aos que hai que engadir case 20 M€ máis en tramitación):

- Arredor de 95 M€ foron axudas directas ás explotacións: unha media de 9.845 € por explotación
- Máis de 13 M€ para subvención de maquinaria, plans de mellora e incorporación de mozos ao rural
- Arredor de 4 M€ foron para mellorar as industrias e a transformación

Ademais, a Xunta e o Ministerio están proponendo 20 medidas amosando o seu compromiso polo sector lácteo, eles cero.

Desde a Xunta de Galicia, vén de anunciar 10 medidas a prol do sector lácteo:

a. A curto prazo:

- i. Axilizar os pagos das axudas da PAC para modernización e incorporación de mozos á actividade agraria (suporá unha inxección de case 20 M€).
- ii. Reunirémonos coas entidades financeiras para asinar un convenio de colaboración para a concesión de préstamos en condicións vantaxosas.
- iii. Programa de apoio ao circulante mediante convenio co IGAPE
- iv. Xestión do anticipo das axudas que inciden directamente sobre as explotacións (70 M€ antes de finalizar o ano 2015).

b. A medio prazo:

- i. Paquete de medidas específicas ao abeiro do PDR 2014-2020 dirixidas ao lácteo (disposición de 500 M€ para o período 2015-2020)
- ii. Promoción e solicitude da inclusión da distribución dentro da INLAC (interprofesional láctea)
- iii. Acordo para o consumo exclusivo de leite galego (e principais derivados) en colexios públicos, hospitais e eventos organizados pola Xunta.
- iv. Inicio da redacción dun Plan Estratéxico para o Sector Lácteo co sector.
- v. Relanzamento da marca Galega 100%:
  - campaña publicitaria nos medios de comunicación
  - convenio con empresas de distribución para a promoción da marca
  - convenio coa asociación de consumidores

Dende o Goberno Central, o Ministerio xa vén de anunciar unha batería de 10 medidas para axudar ao sector que inclúe:

- o Apoio ás OPLs: 1 millón de euros
- o Campaña de promoción do consumo
- o Incremento do control e vixilancia da cadea alimentaria no sector lácteo
- o Facilitade para conceder créditos a gandeiros de leite
- o Maior divulgación dos contratos lácteos e da información sobre custes e marxes de produción
- o Potenciación do papel da INLAC
- o Impulso programa de leite nas escolas
- o Medidas de desenvolvemento rural
- o Elaboración dun plan Estratéxico para a Industria
- o Impulso do cooperativismo

Sinala finalmente a portavoz que se acaso non é este o lugar mais axeitado para defender desta maneira tan extensa a problemática do sector lácteo pero dicir que non se está a facer nada desde o goberno da Xunta de Galicia é realmente inxusto e falso.

A portavoz do Grupo municipal do PsdeG-PSOE, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, renuncia ao seu turno de réplica.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que en todo caso ao BNG non lle vale a transación proposta porque xa lle gustaría que o amplo relatorio de medidas a que a portavoz acaba de leer foran reais e tiveran incidencia e non tiveran que provocar que miles e miles de gandeiros teñan que estar preocupados por vivir do seu traballo sen ter que estar producindo por debaixo dos custes de produción. Poucos países poden ter a especificidade que ten Galicia que ten o 40% desta actividade económica o que significa a produción do leite e poucas rexións europeas poden ter estas características. Polo mesmo, se é un sector tan importante non só para os produtores, eiquí en Celanova xa foi eliminado, do que vivían non só os produtores senón os comerciantes e tamén a industria complementaria. Por eso non vale lavarse as mans, dicir que é cousa do mercado, que non é un problema unicamente noso, pero de igual xeito, cando tose Citroën ninguén discute que hai que facer o que sexa para manter a multinacional, para nós ten tanta relevancia este sector como a multinacional dos coches ou mais, pola incidencia que ten no conxunto do territorio.. Por eso, demandar o que os propios gandeiros están facendo non é un ánimo partidista de facerlle unha afrenta ó Partido Popular é que é un problema social de gran magnitude. A cuestión non se pode limitar á propia evolución do mercado porque en algún caso é evidente que non se está actuando con xustiza e con igualdade. Entende que Galicia é competitiva pero necesita un apoio como tamén o teñen os produtores franceses. O Goberno non pode limitar a súa actuación a falar de oferta e demanda, por eso mesmo está xustificada a presentación desta moción, sinala o Alcalde, que tamén ten unha razón de manifestar o compromiso do concello coa problemática que ten o sector do leite.

Concluída a exposición, sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

Resultado votación	Votos	Grupo político
SI	9	BNG
	1	PSdeG-PSOE
Non	3	PP

Queda aprobada a moción pola maioría absoluta legal.

## 11.- Rogos e Preguntas.

Polo Grupo Municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, formula oralmente as un ROGO:

En relación coa ordenanza de xestión da biomasa e distancia das plantacións aprobada por unanimidade, solicita que as obrigas non só se esixan para os particulares senón tamén para o concello na parte que lle corresponde e cumpra co establecido no artigo 7.2 b) no referente á poda e rareo das árbores de forma que se manteña unha discontinuidade entres as copas dos árbores en todos aqueles espazos públicos que sexan parques e xardíns municipais. O concello ten que dar exemplo e cumprir o acordado.

Responde o Alcalde sinalando que toma nota do rogo. En todo caso, o concello fai un mantemento habitual do todas as masas arbóreas que hai nos parques e vías públicas e cada ano

se trata que cumpla coa normativa e tamén coa existencia de arbolado e sen interferencia nas edificacións.

*E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.*

*O ALCALDE*

*O SECRETARIO*